

# Centro Galego de Artes da Imaxe



## PROGRAMACIÓN

► Souleymane Cissé

► Miguel Gomes | Carta Branca a Miguel Gomes

► Homenaxe a José Luis Sánchez Vázquez

► Fóra de serie

► After Hours

► Encontros con Daniel V. Villamediana e Miguel Gomes

Mércores 1  
20.30 h. **Souleymane Cissé**  
SOULEYMANE Cissé (1990)  
CINCO DÍAS DUNHA VIDA (1972)  
103'. Vídeo / Cine. Subtítulos en  
castelán e galego.

Xoves 2  
20.30 h. **Souleymane Cissé**  
A MOZA (1975)  
88'. Vídeo. Subtítulos en galego.

Venres 3  
20.30 h. **Fóra de serie**  
CORAZÓN DEL TIEMPO  
Alberto Cortés, 2008.  
90'. Presentación previa a cargo  
de membros do colectivo  
FugaEmRede. Entrada gratuíta.

23.00 h. **After Hours**  
I Mostra de Videoclips Cidade  
da Coruña "VIDEO KILLED  
THE RADIO STAR". Selección  
de traballos pertencentes ao  
programa da TVG "Xabarán Club".  
120'. Vídeo. Presentación a cargo  
de Alberto Casal, director do  
Xabarán Club e Nonito Pereira jr.,  
director da Mostra. Entrada gratuíta.

Luns 6  
20.30 h. **Souleymane Cissé**  
TRABALLO (1978)  
93'. Subtítulos en galego.

Martes 7  
20.30 h. **Fóra de serie**  
EL BRAU BLAU  
Daniel V. Villamediana, 2009.  
64'. Vídeo. Presentación a cargo do  
seu autor. Entrada gratuíta.

Mércores 8  
20.30 h. **Souleymane Cissé**  
O VENTO (1982)  
100'. Subtítulos en galego.

Xoves 9  
20.30 h. **Fóra de serie**  
24 CITY  
Jia Zhang-ke, 2008.  
112'. Vídeo. Subtítulos en galego.

Venres 10  
20.30 h. **Fóra de serie**  
MADEINUSA  
Claudia Llosa, 2006.  
104'. Subtítulos en castelán.

23.00 h. **After Hours / Fóra de serie**  
LA TETA ASUSTADA  
Claudia Llosa, 2009.  
99'. Subtítulos en castelán.

Luns 13  
20.30 h. **Souleymane Cissé**  
YELEN (LA LUZ) (1987)  
101'. Subtítulos en galego.

Martes 14  
20.30 h. **Fóra de serie**  
LA TETA ASUSTADA  
Claudia Llosa, 2009.  
99'. Subtítulos en castelán.

Mércores 15  
20.30 h. **Souleymane Cissé**  
O TEMPO (1995)  
140'. Subtítulos en galego.

Xoves 16  
20.30 h. **Fóra de serie**  
SHIRIN  
Abbas Kiarostami, 2008.  
93'. Vídeo. Subtítulos en galego.

Venres 17  
20.30 h. **Fóra de serie**  
TANYARADZWA  
Alberte Pagán, 2009.  
186'. Vídeo. Subtítulos en galego.  
Presentación a cargo do seu autor.  
Entrada gratuíta.

Luns 20  
20.30 h. **Miguel Gomes**  
ENTRETANTO (Miguel Gomes, 1999)  
31 (Miguel Gomes, 2001)  
RAPACE (João Nicolau, 2006)  
75'. Subtítulos en galego.

Martes 21  
20.30 h. **Miguel Gomes: Carta Branca**  
RECORDAÇÕES DA CASA AMARELA  
João César Monteiro, 1989.  
122'. Subtítulos en galego.

Mércores 22  
20.30 h. **Miguel Gomes**  
PRO EVOLUTION SOCCER ONE  
MINUTE DANCE...  
(Miguel Gomes, 2004)  
INVENTÁRIO DE NATAL  
(Miguel Gomes, 2000)  
KALKITOS (Miguel Gomes, 2002)  
CÂNTICO DAS CRIATURAS  
(Miguel Gomes, 2006)  
67'. Subtítulos en galego.

Xoves 23  
20.30 h. **Miguel Gomes: Carta Branca**  
O BOBO  
José Álvaro Morais, 1987.  
120'. Subtítulos en castelán.

Venres 24  
20.30 h. **Homenaxe a José Luis Sánchez**  
LA GRANDE BOUFFE  
Marco Ferreri, 1973.  
125'. Subtítulos en galego. Mesa  
redonda homenaxe a José Luis  
Sánchez coa presenza de Eduardo  
Galán, Arturo Lezcano e Marcial  
Cantero, entre outros. Entrada gratuíta.

Luns 27  
20.30 h. **Miguel Gomes: Carta Branca**  
QUANDO TROVEJA  
Manuel Mozos, 1999.  
110'. Subtítulos en castelán.

Martes 28  
20.30 h. **Miguel Gomes**  
A CARA QUE MERECE  
Miguel Gomes, 2004.  
108'. Subtítulos en galego.

Mércores 29  
20.30 h. **Miguel Gomes: Carta Branca**  
NÓS POR CÁ TODOS BEM  
Fernando Lopes, 1977.  
80'. Subtítulos en galego.

Xoves 30  
20.30 h. **Miguel Gomes**  
AQUELE QUERIDO MÉS DE AGOSTO  
Miguel Gomes, 2008  
147'. Subtítulos en galego. Coloquio  
coa presenza de Miguel Gomes  
moderado polo crítico Martín  
Pawley. Entrada gratuíta.

Venres 31  
20.30 h. **Miguel Gomes**  
AQUELE QUERIDO MÉS DE AGOSTO  
Miguel Gomes, 2008  
147'. Subtítulos en galego.

23.15 h. **Miguel Gomes: Carta Branca**  
JARDIM  
João Vladimiro, 2007  
80'. Vídeo. Subtítulos en galego.  
Presentación a cargo do seu autor.  
Entrada gratuíta.

### INFORMACIÓN XERAL

Todas as películas proxéctanse en versión orixinal, agás indicación contraria.  
A duración das películas é orientativa e aproximada.  
Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.  
Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.  
As sesións de Aforo Limitado teñen reservadas un número indeterminado de butacas.  
As sesións sinaladas con inclúen algún tipo de presentación ou conferencia previa á proxección.  
As sesións sinaladas con sofren modificacións sobre os horarios habituais.

### PREZO DA ENTRADA

Xeral: 1'20   
Carné Xove: 0'60   
Abono para 10 sesións: 9   
As sesións de Entrada Gratuíta notificaranse no programa.  
A venda de entradas iniciárase 30 minutos antes de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado).  
Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

### SALA DE PROXECCIÓNS

CGAI, Durán Loriga, 10 baixo, 15003 A Coruña  
Tel.: 881 881 270. Fax: 881 881 271  
E-mail: programacion@cgai.org | documentacion@cgai.org  
http://www.cgai.org



#### ▶ SOULEYMANE CISSÉ:

En colaboración co Festival Internacional de Cine de Granada Cines del Sur, IVAC-La Filmoteca de Valencia, Filmoteca Española e Filmoteca de Andalucía.

Activista cultural e autor dunha breve e estimulante filmografía, Souleymane Cissé (Bamako, 1940) traballa como fotógrafo e proxeccionista antes de marchar á Unión Soviética para cursar os seus estudos no Instituto Estatal de Cinematografía de Moscova (VGIK). Alí —onde reside sete anos- filma as súas primeiras curtametraxes coa colaboración de compatriotas como Djibril Kouyaté e Kalifa Dienta. Regresa a Mali en 1970, onde realiza documentais para o Servizo Cinematográfico do Ministerio de Información. O seu primeiro traballo persoal é *Cinq jours d'une vie* (1972), mediametraxe centrada na histeria dun estudante novo, sen expectativas e insatisfeito polo ensino que recibe na escola coránica, que decide saír adiante por medio do roubo, sendo condenado e regresando á súa aldea tras ser excarcerado. Pero serán *Den Muso* (1975) e *Baara* (1978) as súas auténticas cartas de presentación, diáfanos expoñentes das formulacións abertamente marxistas de Cissé. Abordando feitos criminais en ámbitos obreiros, Cissé delinea con claridade os perfís da explotación e da loita de clases no seu país, enriquecendo o seu discurso con tratamentos colaterais de problemas tan importantes como son a situación da muller ou a moralidade imperante en Mali. O recoñemento internacional chégalle con *Finyé* (1982), unha intelixente historia de amores contrariados desdobraada en vigorosa crítica á autoridade paterna e á represión política co trasfondo das revoltas estudiantís na Universidade de Bamako. Será sobre todo con *Yeelen I La luz* (1987), a súa obra máis coñecida, galardoada en Cannes, onde obtén os parabéns da crítica occidental coa consideración de punto de inflexión no seu traballo. Viaxe iniciática dun mozo bambara para adquirir coñecementos máxicos



atávicos, entre o relato mitolóxico de inspiración autóctona e a especulación filosófica, construído con imaxes de beleza subxugante, o filme renuncia ao contacto urxente coa realidade de Mali para gañar en universalidade. Cissé tardará anos en conseguir materializar o seu seguinte proxecto, *Waati* (1995), retorno do autor ao seu ámbito primixenio da crónica sociopolítica a través da errancia dunha rapaza surafricana que vaga por todo o continente fuxindo do *apartheid*. Con dificultades para rearmar novos proxectos, entusiasta presidente fundador da Unión de Creadores e Empresarios do Cine e do Audiovisual de África do Oeste (UCEACO) convencido da necesidade do desenvolvemento cultural en África, Cissé vén de presentar por fin o seu novo e esperado filme, *Min yé*, no último Festival de Cannes.

#### CINÉMA, DE NOTRE TEMPS: SOULEYMANE CISSÉ

Rithy Panh, 1990. Documental. 53´.

Documental producido por Arte e o INA en torno ao cine de Souleymane Cissé que inclúe unha entrevista con el. Seguindo as directrices da serie de retratos creada por André S. Labarthe e Janine Bazin nos anos 60 o encargo encoméndaselle a un realizador novo, neste caso o cambodiano Rithy Panh.

#### CINQ JOURS D'UNE VIE / [CINCO DÍAS DUNHA VIDA]

Souleymane Cissé, 1972. Con Falaye Dabo, Myriam Tima. 50´.

Cinco días na vida dun mozo que sae dunha escola coránica e acaba vivindo e roubando na rúa, ata que o deteñen e envían a prisión. Unha primeira aproximación crítica de Cissé á súa sociedade, amosando a esterilidade dos sistemas educativos impositivos e a negligencia e influencia das institucións.

#### DEN MUSO / [A MOZÁ]

Souleymane Cissé, 1975. Con Dounamba Dany Coulibaly, Fanta Diabate. 88´.

Sékou é despedido tras pedir un aumento. Sen sabelo, sae coa filla muda do patrón da fábrica, á que viola e deixa embarazada. Ela fará fronte á cólera familiar e ao rexeitamento de Sékou, que non recoñece ao seu fillo.

#### BAARA / [TRABALLO]

Souleymane Cissé, 1978. Con Omuu Diarra, Balla Moussa Keita. 93´. O xove administrador dunha fábrica atopa a un mozo no camiño e ofrécelle traballo. Pouco a pouco dáse de conta do miserabel trato que ten a compañía cos traballadores e loita entre a súa ética e a presión dos demais para que protexa os intereses da empresa. Gran Premio no importante Festival Panafricano de Ouagadougou (FESPACO).

#### FINYÉ / [OVENTO]

Souleymane Cissé, 1982. Con Fousseyni Sissoko, Goundou Guissé. 100´. Nunha pequena comunidade da África contemporánea desenvólvese unha historia de amor entre a filla dun militar e o neto do xefe da tribo. Retrato dunha sociedade en transición, onde se cuestionan as nocións tradicionais de autoridade desde unha perspectiva etnográfica e abertamente política. Cissé volve gañar o FESPACO, ademais do Tanit de Ouro no segundo certame en importancia do continente africano, as Xornadas Cinematográficas de Cartago.

#### YEELLEN /YEELLEN (LA LUZ)

Souleymane Cissé, 1987. Con Issiaka Kane, Niamanta Sanogo. 101´. Un vello feiticeiro africano, representante dunha tradición secreta imperante na súa etnia, persegue ao seu fillo para destruílo por non respectar os seus mesmos preceptos relixiosos. Na súa fuxida, as diversas peripcias polas que atravesa o mozo convértense nas probas dun penoso proceso cara á madurez. Chea de lirismo e fermosura, gaña o Premio Especial do Xurado en Cannes. Música de Salif Keita.

#### WAATI / [O TEMPO]

Souleymane Cissé, 1995. Con Sidi Yaya Cissé, Mariame Amerou. 140´. Na Sudáfrica do *apartheid*, unha familia de negros traballa na pequena explotación agrícola dun branco que os somete a constantes humillacións. Cando a filla pequena, de seis anos, mata a un policía que acaba de abater a seu pai, vese obrigada a fuxir por todo o continente. Coprodución multicultural rodada en varios países africanos (Mali, Costa de Marfil, Sudáfrica e Namibia) que amosa ao Cissé combativo e perspícaz observador da realidade.

Agradecementos: Alberto Elena, Fatuo, Les Films Cissé, Jeanick Le Namur, Cinémathèque Française, Émilie Cauquy.

#### ▶ MIGUEL GOMES / CARTA BRANCA A MIGUEL GOMES:

O cineasta portugués Miguel Gomes (Lisboa, 1972) é obxecto dunha retrospectiva sobre a súa obra, dúas longametraxes e seis curtas, unha traxectoria avalada este ano polo éxito crítico e o premio no BAFIGI de Bos Aires por *Aquele querido mês de agosto*. Ao mesmo tempo, o CGAI concedeulle carta branca, liberdade de elección a Gomes para que presen-



tase toda unha serie de títulos portugueses que tivesen que ver dunha ou doutra forma co seu cine, uns por relación directa -mesmo en ocasións con firmes afinidades profesionais-, outros porque representan o cine portugués no que Gomes, por distintas razóns, se recoñece. Gomes explica desta maneira o resultado das súas eleccións: *"Rapace* foi o único filme no que traballei sen ser realizador, msteite con João Nicolau, que xa participara como montador ou actor en filmes meus. Escolllín *Quando Troveja* para dialogar con *A Cara que Mereces* (o seu realizador, Manuel Mozos, escribiu comigo o argumento d'*A Cara*, onde interpreta o personaxe de Harry). E escolllín *Nós por Cá Todos Bem* de Fernando Lopes, un dos fun-

dadores do cinema novo portugués para dialogar con *Aquele Querido Mês de Agosto*. Intentei optar por filmes menos coñecidos e por iso as ausencias de filmes de Manoel de Oliveira e Pedro Costa, mais non conseguín deixar fóra a João César Monteiro e *Recordações da Casa Amarela*, un dos filmes claves da miña cinefilia. O barroco *O Bobo* é precisamente unha das máis descoñecidas óperas primas de todo o cinema portugués, *Jardim* é o primeiro filme dun realizador máis novo ca min, un singularísimo e extravagante “documental” sobre o xardín Calouste Gulbenkien onde a cámara toma por momentos o lugar dos cágados e patos que flotan no lago.” Miguel Gomes

#### A CARA QUE MERECE

Miguel Gomes, 2004. Con Jose Airosa, Gracinda Nave. 108´.

Orixinal comedia musical que transcorre no 30 aniversario do protagonista, o mestre de escola Francisco. A primeira longametraxe de Gomes é unha película chea de cinefilia, claustrofóbica, que apunta tanto a Rivette ou Godard como a *Blancanieves* y *los siete enanitos*.

#### AQUELE QUERIDO MÉS DE AGOSTO

Miguel Gomes, 2008. Con Sónia Bandeira, Fábio Oliveira. 147´.

Un verán como outros na portuguesa localidade de Arganil. Proceións relixiosas, xentes do lugar cheas de simpatía, mozos de acampada, fogos artificiais, bandas de música popular e unha rodxae. As fronteiras entre o real e o ficticio difuminanse e Gomes amosa a súa mestría: a maneira complexa de filmar o simple e banal, a notable singularidade para facer converxer accións e diálogos nun mesmo plano (como *Nashville* de Robert Altman) e o xeito de transmitir e remitimos á vida e ao cine mesmo, diferenciándose doutros modelos.

#### ENTRETANTO

Miguel Gomes, 1999. 25´.

Sen país ou titores á vista, unha rapaza e dous rapaces pasan algúns días de verán. Hai un partido de rugby afeccionado, unha festa, unha excursión á praia e tamén unha tenue tensión romántica, bicos a tres bocas e pelexas metade en broma, metade en serio. Premiada en dous dos mellores certames de curtametraxes, Oberhausen e Vila do Conde.

#### 31

Miguel Gomes, 2001. Con Pedro Barão, Carloto Cotta. 27´.

Con leve surrealismo, certo erotismo indolente e o trasfondo brutal da loita de clases –á maneira do primeiro Pasolini-, vanse establecendo conexións improbables, que van desde *El mago de Oz* e a fin da ditadura portuguesa ata o cine mudo e as exuberantes bandas sonoras made in India, para esbozar unha crítica doutra relación, probable e fértil: a do cine e a Historia.

#### RAPACE

Joao Nicolau, 2006. Con Hugo Leitão, Marcia Breia. 23´.

Unha comedia xeracional feliz, divertida e irónica, cun antiheroe con calzado deportivo verde, vagamente *godardiano*, que exercita o seu diletantismo molestando ao servizo, lendo libros de autores ignotos e compoñendo (e cantando en murmurios) a letra dun *rap* sobre o seu barrio. Diálogos brillantemente dispartados e un final a todo baile son algúns dos portentos que ofrece na súa estrea na ficción João Nicolau, documentalista e montador habitual de Gomes (aquí á súa vez montador).

#### PRO EVOLUTION SOCCER ONE MINUTE DANCE AFTER A GOLDEN GOAL IN THE MASTER LEAGUE

Miguel Gomes, 2004. 1´.

Xusto o que anuncia o título: a pantalla do famoso videoxogo de consola e un baile sen música, ao ritmo crebadizo das repeticións. Entre os xogadores, un tal M. Arnold, referencia lúdica ao cineasta experimental austríaco Martín Arnold, creador a partir de metraxe atopada.

#### INVENTÁRIO DE NATAL

Miguel Gomes, 2000. 23´.

Segundo o autor: “25 de decembro, nos anos 80. A familia reúnese na casa dos avós. Aos 12 anos, soñaba que poñía en movemento as figuras estáticas do presebe. Con este filme intentei facer o mesmo cos recordos dos meus curmáns e parentes, con esa casa e eses rituais”. Montaxe a cargo de Manuel Mozos.

#### KALKITOS

Miguel Gomes, 2002. 19´.

Un rapaz na vintena séntese aínda neno e quere xogar con outros da súa (suposta) idade. Os Kalkitos eran os debuxos adhesivos empregados para facer cadaqués as súas propias historias nos anos 80.

#### CÂNTICO DAS CRIATURAS

Miguel Gomes, 2006. Con João Nicolau, Mariana Ricardo. 24´.

No Asís contemporáneo, un trovador percorre as rúas entoando o “Cântico do Irmán Sol”, escrito por San Francisco no inverno de 1224. Nos bosques de Umbría en 1212, a lenda do santo que predicaba para as aves (e a de Santa Clara) convértese nun estrañamente hipnótico presebe vivente.

#### RECORDAÇÕES DA CASA AMARELA, UMA COMÉDIA LUSITANA

João César Monteiro, 1989. Con João César Monteiro, Manuela de Freitas. 122´.

León de Prata en Venecia. A historia dun pobre home de mediana idade, João de Deus, que vive nunha modesta pensión. Doente, cinéfilo, apaixonado de Schubert, confrontado ao espazo urbano, a miseria domina por todos os flancos a súa vida. Internado nun hospicio, sairá cunha misión clarividente cara ao mundo.

#### O BOBO

José Álvaro Morais, 1987. Con Fernando Heitor, Paula Guedes. 120´. Premiada en Locarno, inspirada nun libro escrito por Alexandre Herculano logo da guerra civil portuguesa de 1832-1834, unha reflexión sobre a Historia de Portugal e a forza dos elementos naturais a cargo de Morais (1945-2004).

#### QUANDO TROVEJA

Manuel Mozos, 1999. Con Miguel Guilherme, Elsa Valentim. 110´.

A relación de Antonio con Ruth remata inesperadamente. Ruth marcha a vivir con Pedro, o mellor amigo de Antonio. *Afundido* e *desesperado*, Antonio comeza a saír adiante grazas a dous estraños seres que saen do bosque, Violeta e Gaspar. O filme propoñse tamén como diálogo coa primeira longametraxe de Gomes, firmado por un amigo e colaborador seu, Manuel Mozos (Lisboa, 1959).

#### NÓS POR CÁ TODOS BEM

Fernando Lopes, 1977. Con Zita Duarte,Vanda França. 80´.

Mesturando actores profesionais con habitantes dunha pequena aldea portuguesa, documental e ficción, Lopes conta a historia dun equipo de rodxae ao tempo que o día a día da vila. Nesta ocasión establécese un diálogo coa segunda longametraxe de Gomes.

#### JARDIM

João Vladimiro, 2007. Documental. 80´.

Documental sobre o xardín Calouste Gulbenkien firmado polo tamén director teatral João Vladimiro.

Agradecementos: Miguel Gomes, Luís Urbano, O som e a fúria, Martín Pawley, Intermedio, Cinemateca Portuguesa, Fernando Lopes, Antonio da Cunha Telles, Filmes do Fundo, Zon Lusomundo, Agência da Curta Metragem, João Vladimiro, ICA.

#### ▶ FÓRA DE SERIE:

A sección “Fóra de serie” deste mes aparece nutrida de títulos ben variados con carácter de estrea. Revisamos as dúas longametraxes dirixidas por Claudia Llosa (Lima, 1976), a última delas, *La teta asustada*, triunfadora no Festival de Berlín deste ano, mentres seguimos a completar as proveitosas filmografías de Jia Zhang-ke e Abbas Kiarostami, obxecto de retrospectivas no seu día. Unha aproximación á insurrección zapatista, que permitirá unha contextualización histórica e cinematográfica a cargo de membros do colectivo FugaEmRede, e as estreas de dúas producións recentes cos seus autores presentes, *El brau blau* de Daniel V.Vilamediana e *Tanyaradzwa*, incursión en Zimbawe do autor galego Alberte Pagán, son boa mostra desta versatilidade.

#### CORAZÓN DEL TIEMPO

Alberto Cortés, 2008. Con Rocío Barrios, Francisco Jiménez. 90´.

Participante nos certames de Sundance e San Sebastián, con seguridade o máis ambicioso proxecto para describir a situación sociopolítica histórica orixinada en Chiapas (México). A través da historia de amor entre Sonia, residente nun poboado zapatista na selva Lacandona e, por unha banda, Miguel, o dirixente xuvenil que coñece desde a infancia e que pide a súa man á maneira tradicional, e Julio, un tenente guerrilleiro no que Sonia repara, introducímonos nunha realista disección dun universo tan intenso como apegado ao natural.

#### EL BRAU BLAU / [O TOURO AZUL]

Daniel V.Villamediana, 2008. Con Víctor J.Vázquez. 64´.

Na máis absoluta soidade, un home novo que ranquea pasa os días e as noites preparándose para volver á area taurina. Con atención ao xesto e o ritual, case como unha viaxe espiritual, presente en prestixiosos certames como Locarno, Xixón e o BAFIGI de Bos Aires, primeira longametraxe dirixida polo crítico de “Letras de cine” e guionista de *La Línea recta* Daniel V.Villamediana (Valladolid, 1975) con música de Bach.

#### ER SHI SI CHENG II / 24 CITY

Jia Zhang-ke, 2008. Con Lu Liping, Joan Chen. 112´.

Cidade de Chengdu, hoxe. A fábrica 420, dentro do modelo de cidade obreira que existe, planea a construción dun complexo de apartamentos

de luxo: 24 City.Tres xeracións e oito personaxes aparecen retratados: vellos obreiros, novos ricos, executivos ou a actriz Joan Chen nun paseo pola historia recente de China a cargo do director de *Unknown pleasures* (2002) e *Naturaleza muerta* (2006)

#### MADEINUSA

Claudia Llosa, 2006. Con Magaly Solier, Carlos J. De la Torre. 104´.

Premiada en Rotterdam, Mar del Plata e Cartagena, competiu tamén en Sundance. **Un mozo limeño, Salvador, chega a unha vila imaxinaria dos Andes** peruanos chamada Manayacuna (“a vila onde ninguén pode entrar” en quechua) durante a Semana Santa. Na vila séguese unha tradición pola que desde as tres da tarde do Venres Santo ata as seis da mañá do domingo de



1

2

Resurrección nada se considera pecado, xa que Deus morreu e non pode ver o que pasa. Salvador coñece a Madeinusa e inician unha relación.

#### LA TETA ASUSTADA

Claudia Llosa, 2009. Con Magaly Solier, Susi Sánchez. 99´.

Fausta sofre da “teta asustada”, enfermidade que se transmite polo leite materno de mulleres maltratadas durante as dúas décadas de guerra en Perú. Os infectados nacen sen alma —esta do susto quedou na terra- e teñen un terror que os illa do mundo. Fausta esconde algo máis, garda un segredo que non quere revelar; ata que a súbita morte de súa nai desencadeará feitos inesperados que transforman a súa vida. A segunda longametraxe de Llosa, peruana afincada en Barcelona, obtivo os premios maiores na última Berlinale.

#### SHIRIN

Abbas Kiarostami, 2008. Con Golshifteh Farahani, Juliette Binoche. 93´.

Cosroes e Shirin ou Shirin e Farhad, segundo a versión, é unha das lendas persas máis populares, contada por diversos poetas ao longo dos séculos. Os tres personaxes principais (o rei Cosroes, a princesa Shirin e o arquitecto Farhad) coforman un triángulo amoroso de alta voltaxe e os seus episodios de sedución e traizón están integrados no poema nacional iraniano, o *Shidhnahme*. A busca formal de Kiarostami non pode dar lugar a unha adaptación convencional e o camiño cara á posta en escena teatral da historia e o papel do público van ser dous rasgos desta nova volta de porca do mestre autor *d'El sabor de las cerezas* (1997) ou *Ten* (2002).

#### TANYARADZWA

Alberte Pagán, 2009. Documental. 186´.

Documental experimental independente rodado en Zimbawe por Alberte Pagán, logo da excelente difusión dos seus traballos anteriores, Bs.As. (2007) e *Pó de estrelas* (2008), é, como ben indica o seu autor, un retrato a medio camiño entre un *screen test* de Warhol (non en van Pagán lle dedicou ao artista norteamericano unha excelente monografía publicada en Positivas) e a plasmación dun busto parlante confesional, a muller de Zimbawe que lle dá nome á película.

Agradecementos: Daniel V.Villamediana, Alberte Pagán, Antón Gómez-Reino Varela, Serxio Regos García, FugaEmRede, Bataclán Filmes (México), Alberto Cortés, Ana Solares, Wanda Visión, Emilio Olette, Nadine Rothschild, Saadia Karim, MK2. (Francia).

#### ▶ AFTER HOURS:

A celebración da I Mostra de Videoclips Cidade da Coruña “Video Killed the Radio Star” recupera unha selección de traballos pertencentes ao programa da TVG “Xabariñ Club”. Isto únese aos coloquios e proxeccións de videoclips galegos que a mostra realizará nas tardes da semana do 29 de xuño ao 3 de xullo, entre outros espazos, nas propias dependencias do CGAI.

I Mostra de Videoclips Cidade da Coruña “Video Killed the Radio Star”. Selección de traballos pertencentes ao programa da TVG “Xabariñ Club”. V.V.A.A.. 120 minutos.

Agradecementos: Nonito Pereira, Alberto Casal, Julián Hernández, Montse Besada, Xabariñ Club, TVG.

#### ▶ HOMENAXE A JOSÉ LUIS SÁNCHEZ VÁZQUEZ:

A morte hai un ano, o día 24 de xullo de 2008, de José Luis Sánchez Vázquez (1944-2008), activista cultural, cineclubista, cinéfilo posuidor dunha importante colección de películas xenerosamente en circulación xa en tempos en que as maneiras de consumo fílmico eran outras, xustifíca sobradamente unha homenaxe. Nunca se dedicou profesionalmente ao cine, mais José Luis, á maneira francesa, sintetizaba a concepción do *amateur*,



1

2

alguén que fusiona ese dobre sentido de afeccionado e amante. Seleccionamos un dos títulos que a José Luis lle eran máis gratos, *La grande bouffe* (1973) de Marco Ferreri, ao que axudou con entusiasmo á súa difusión. Unha mesa redonda con varios críticos cinematográficos que o coñeceron e comezaron o seu labor; coma el, na comarca de Ferrol, vén exemplificar a compresión do feito fílmico, da cinefilia e das maneiras de exercer tal paixón como forma de completar este acto de tributo.

#### LA GRANDE BOUFFE / LA GRAN COMILONA

Marco Ferreri, 1973. Con Michel Piccoli, Marcello Mastroianni, Philippe Noiret, Ugo Tognazzi. 125´.

Catro homes de mediana idade e boa condición social reúnense para pasar a fin de semana nunha vila abandonada. Os obxectivos, o sexo e a degustación dunha sucesión de pratos selectos, parecen advertir sobre un hedonista suicidio en grupo. Reparto exemplar e guión de Azcona e Ferreri nun dos dramas extremos do director italiano onde a mestura de eufonia e traxedia leva implícita a forza da sátira, con dardos envelenados contra a sociedade de consumo, e un singular cruzamento de sensacións (mesmo físicas) no espectador. A película obtivo un notable escándalo en Cannes, onde conseguiu o Premio FIPRESCI (compartido con *La maman et la putain* de Jean Eustache), primeira pedra do éxito desta maxistral, lúdica e conmovedora parábola.

Agradecementos: Eduardo Galán, Arturo Lezcano, Marcial Cantero, Germán Lamas, familia de José Luis Sánchez.

1

Subtitulado en galego: Subtitula´m S.L.

2

▶▶ Fichas das películas: www.cgai.org